



Revista Española de Orientación y
Psicopedagogía

ISSN: 1139-7853

feop.reop@edu.uned.es

Asociación Española de Orientación y
Psicopedagogía
España

Sobrado Fernández, Luis

Exploración de actitudes motivacionais e proposta de estratexias titoriais para a aprendizaxe escolar
Revista Española de Orientación y Psicopedagogía, vol. 18, núm. 2, junio-diciembre, 2007, pp. 273-

285

Asociación Española de Orientación y Psicopedagogía
Madrid, España

Disponível em: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=338230777011>

- Como citar este artigo
- Número completo
- Mais artigos
- Home da revista no Redalyc

redalyc.org

Sistema de Informação Científica

Rede de Revistas Científicas da América Latina, Caribe, Espanha e Portugal

Projeto acadêmico sem fins lucrativos desenvolvido no âmbito da iniciativa Acesso Aberto

EXPLORACIÓN DE ACTITUDES MOTIVACIONAIS E PROPOSTA DE ESTRATEXIAS TITORIAIS PARA A APRENDIZAXE ESCOLAR

EXPLORATION OF MOTIVATIONAL ATTITUDES AND PROPOSAL OF TUTORIAL STRATEGICS FOR A ACADEMIC LEARNING

*Luis Sobrado Fernández**
Universidade de Santiago de Compostela

RESUME

Neste artigo prantéxase a necesidade dun diagnóstico educativo previo da motivación académica do alumnado de Ensino Primario e unha posterior proposta de acción tutorial cunhas estratexias axeitadas para motivar ós discentes para a aprendizaxe escolar.

Os obxectivos da investigación descrita xiran arredor do diagnóstico das causas xeradoras da motivación educativa e dos da elaboración de propostas de accións titoriais no ámbito do desenvolvemento do interese e do gusto pola aprendizaxe escolar.

Como metodoloxía investigadora utilizouse un cuestionario de exploración das competencias motivadoras do alumnado e un estudo de casos de carácter cualitativo nos seus Centros Escolares.

As conclusións indican que as Áreas de Educación Física, Plástica e Ciencias da Natureza son as máis motivadoras para os escolares e as menores a Música e a Tecnoloxía.

O profesorado titor debe estimularlo alumnado a través do traballo cooperativo, motivador e creativo mediante estratexias e técnicas psicopedagóxicas que incentiven o interese e o gusto dos escolares polo conxunto das materias curriculares.

Palabras clave: Exploración, Motivación, Gusto, Interese, Currículo Escolar, Tutoría, Estratexia, Incentivación

RESUMEN

En este artículo se plantea la necesidad de un diagnóstico educativo previo de la motivación académica del alumnado de Educación Primaria y una posterior propuesta de acción tutorial con unas estrategias adecuadas para motivar a los discentes para el aprendizaje escolar.

* *Luis M. Sobrado Fernández* é Catedrático de Diagnóstico e Orientación da Universidade de Santiago de Compostela, autor de diversos libros e artigos científicos sobre a temática exposta, así como Investigador Principal de varios proxectos de investigación educativa sobre Orientación e Tutoría Educativa. E-mail: mtmirama@usc.es

Los objetivos de la investigación descrita giran alrededor del diagnóstico de las causas generadoras de la motivación educativa y de los de la elaboración de propuestas de acciones tutoriales en el ámbito del desarrollo del interés y del gusto por el aprendizaje escolar.

Como metodología investigadora se utilizó un cuestionario de exploración de las competencias motivadoras del alumnado y un estudio de casos de carácter cualitativo en sus Centros Escolares.

Las conclusiones indican que las Áreas de Educación Física, Plástica y Ciencias de la Naturaleza son las más motivadoras para los escolares y las menores la Música y la Tecnología.

El profesorado tutor debe estimular al alumnado a través del trabajo cooperativo, motivador y creativo mediante estrategias y técnicas psicopedagógicas que incentiven el interés y el gusto de los escolares por el conjunto de las materias curriculares.

Palabras clave: Exploración, Motivación, Gusto, Interés, Currículo Escolar, Tutoría, Estrategia, Incentivación.

ABSTRACT

In this article it raises the necessity of an educational previous diagnostic of the students academical motivation Primary School and an after tutorial action with right strategies to motivate the students into the school learning.

The described research objectives revolve around the diagnostic of the educational motivation generating causes and of the elaboration of proposals about tutorial actions in the field of the interest and willingly development to the school learning.

As a researcher methodology it was used an exploration questionnaire about the students motivating competences and an events study with a qualitative character in their School Centers.

The conclusions show us that the Physics Education, Plastic and Natural Sciences Areas are the most motivating to the students and the less are Music and Technology.

The tutor teachers should be encourage to the students through the cooperative, motivating and creative work using psycho-educational strategies and techniques that increase the students interest and willingly by the whole of the curriculum subjects.

Key words: Exploration, Motivation, Willingly, Interest, School Curriculum, Tutorship, Strategic, Increasing.

Introdución

Unha das finalidades da educación é que o alumnado, ademais de aprender certas áreas e contidos curriculares, desenvolva actitudes satisfactorias para o estudo que se concretan especialmente na motivación para a aprendizaxe escolar.

Este obxectivo non sempre se acadar e por elo é frecuente que o profesorado ou os pais/nais atribúan á falta de interese e motivación dos estudantes como factores causantes das dificultades na aprendizaxe que eles posúen. Cando estas anomalías xorden, atribúanse ou non á falta de motivación, pídesse axuda ao orientador escolar e/ou ó profesor tutor para que analice que se pode facer co alumnado en cuestión.

O docente tutor para dar resposta ás cuestións precedentes pode afrontar o estudo dos aspectos motivacionais e a planificación de estratexias de intervención de maneira diversa, segundo considere cales son as causas da desmotivación do discente e cal é o enfoque pedagóxico correcto da situación presentada.

De todas maneiras a motivación axeitada para a aprendizaxe dos contidos curriculares é unha meta primordial da escola; a carencia de estímulos do alumnado non é só un problema persoal de cada discente senón un indicador de que a institución educativa non funciona adecuadamente porque non está acadando as súas finalidades (Alonso Tapia, 2005).

Por tódolo exposto o interrogante que debe plantexarse o orientador escolar e/ou profesor titor non é somentes ¿que puido facer para motivar a este alumno/a? senón ¿que se fará para axudar aos docentes e as familias para que actúen de maneira que mellore a motivación dos estudantes?

O alumnado está motivado ou desmotivado en función do significado que para el adquire o traballo que ten que desenvolver, que percibe ademais no seu contorno sociocultural e especialmente no seu contexto académico en conexión cuns obxectivos determinados (Renninger, K. e outros, 1992).

No presente estudo prantéxase a motivación dos discentes do último curso de Ensino Primario, respecto as materias do currículo escolar, con especificación de dúas variables motivacionais de grande relevancia como son o interese e o gusto polo seu contido.

Como consecuencia da análise e interpretación dos datos e resultados obtidos é preciso extraer unhas propostas de estratexias e intervencións orientadoras e/ou tutoriais especialmente para os profesionais da Orientación Educativa e os profesores titores dos Centros Docentes coa finalidade de mellorar a motivación académica dos escolares, sobre todo nas materias curriculares nas que se reflicten menor interese e agrado deles polo seu estudo.

Método

Obxectivos da investigación

a) Xeral:

Diagnosticar a motivación para a aprendizaxe académica do alumnado de diversas áreas curriculares e propoñer estratexias e intervencións orientadoras e/ ou tutoriais para o desenvolvemento do gusto e interese dos escolares de ensino primario por elas.

b) Específicos:

- 1º) Valorar a motivación para a aprendizaxe académica nos discentes do último curso do ensino primario.
- 2º) Avaliar o grao de interese e gusto do alumnado pola temática das Áreas Curriculares.
- 3º) Analizar estatisticamente os aspectos que interveñen nos procesos motivacionais para a aprendizaxe curricular.
- 4º) Elaborar unha proposta de estratexia orientadora e/ ou tutorial para apoiar accións de motivación académica.

Instrumentos

Neste estudo, empregouse principalmente un cuestionario de motivación académica de vinte ítems, segundo o modelo de Likert, con cinco graos de valoración nunha escala que abrangue desde nada (0) a moito (5).

Ademais utilizouse o estudo de casos mediante a análise de seis Centros educativos de mostra atendendo ás variables de tipo de escola e contexto sociocultural.

Mostra

Estivo constituída por 600 escolares galegos do último ciclo de ensino primario cunha idade promedio de 12 anos, escolarizados en trinta Escolas de tipo público e privado, do contorno rural e urbano e de contexto sociocultural medio alto e baixo do sistema educativo de Galicia.

Sobre o tipo de escola a que asiste o alumnado enquisado hai un 63% de Centros públicos sobre o 37% de privados e a proporcionalidade respecto a procedencia socioxeográfica dos escolares é tamén do 63% de ámbito urbán fronte ao 37% do sector rural.

Se utilizou ademais unha mostra de seis Centros Educativos para realizar un estudo de casos mediante grupos de discusión.

Variables

As integrantes do presente estudo foron as seguintes:

- a) Nivel educativo do alumnado.
- b) Tipo de Centro docente ao que asisten os escolares (públicos e privados).
- c) Contexto sociocultural do alumnado identificado fundamentalmente cos estudos e profesión dos seus pais e nais.
- d) Xénero dos discentes.

Fiabilidade do cuestionario aplicado

Respecto a fiabilidade do cuestionario aplicado, o coeficiente é elevado (0'84).

Motivación (interese e gusto) do alumnado polas diversas áreas curriculares

A incentivación escolar representa un condicionante principal da aprendizaxe e do rendemento académico. A relevancia da motivación exprésase nos diferentes modelos conceptuais que explican a aprendizaxe escolar.

Dentro da grande cantidade de constructos e modelos de motivación no eido escolar é preciso facer referencia aos estudos de Bandura (1997), as investigacións de Murphy e Alexander (2000), Wigfield e Eccles (2002) e de Pintrich (2003) que presentan unha perspectiva global da investigación motivacional nos ámbitos do ensino e aprendizaxe.

Na estimulación académica do alumnado existen factores persoais e sociais. Os constructos motivacionais relevantes como son a motivación intrínseca (o interese, gusto e agrado e o valor da tarefa) posúen un gran compoñente persoal, xa que o interese académico é de "cada alumno" (Alonso Tapia, 1997).

Sobre os constructos persoais inflúen diferentes variables ambientais, como son as actividades realizadas na aula, o curriculum escolar desenvolvido, a motivación dos profesores, das familias, dos compañeiros, etc.

Unha axeitada comprensión dos mecanismos de motivación persoal (por exemplo respecto a unha área curricular) posibilita o deseño de estratexias de actuación docente e tutorial para incidir sobre eles e a súa vez a análise dos resultados obtidos nos programas curriculares poden axudar a descubrir cales son os procesos de motivación persoal.

Referente ao interese no senso de preferencia por obxectos, contidos ou actividades posúe unha gran tradición psicopedagóxica en autores que acentuaron a súa relevancia como Herbart, Dewey, James, etc.

A partir do 1970 a temática do interese adquire unha gran significación e comézase a admitir a importancia dos compoñentes emocionais, por exemplo que o alumnado se interese máis por unha materia que por outra e ademais asúmese que diversos intereses poden influír nos procesos e logros da aprendizaxe.

O interese persoal concíbese como unha preferencia persoal e duradeira por determinadas áreas curriculares, contidos temáticos e actividades.

Entre as características do interese persoal figura a súa estabilidade temporal e a dificultade para ser cambiado. Actívase normalmente por algunha predisposición persoal, soe desenvolverse lentamente e tende a estabilizarse ao longo do tempo.

O enfoque contextual do interese o vencella coas características dos contidos, das actividades ou as condicións ambientais que o xeneran no alumnado.

Schiefele (1991) coida que o interese situacional ou contextual é un estado emocional xerado por estímulos do contexto.

En relación coa motivación e aprendizaxe académico, Hidi e Anderson (1992) sinalan que unha temática curricular é interesante para un alumno/a cando lle guste e desexa afondar máis nela.

Mitchell (1993) fixou as perspectivas do interese situacional no caso específico da Área de Matemáticas no Ensino Secundario, aínda que a súa proposta pódese derivar a outras materias curriculares e niveis académicos.

Krapp (2002) indica diversos niveis de obxectos que son capaces de despertar interese entre o alumnado como por exemplo na temática xeral como é o caso das Matemáticas, as Ciencias da Natureza, etc.

En cando ao vencellamento do interese co gusto ou agrado é preciso salientar que as emocións posúen un rol destacado no desenvolvemento do interese e algúns autores o consideran un afecto positivo ou unha emoción.

Habitualmente o alumnado asocia emocións vividas con certos contidos temáticos e o fan dun xeito idiosincrático dependendo da experiencia persoal. Deste xeito un escolar criticado dun xeito reiterativo na clase de Matemáticas, probablemente afastarase desta materia polo castigo emocional que experimentou. Dun xeito contrario, os sentimentos de benestar, felicidade, ledicia, euforia, etc., perante a clase dunha área curricular estimulará o gusto e interese do discente cando se atope con ela.

Os resultados da investigación de Harackiewicz e outros (2000) amosan unha alta correlación entre o interese por unha materia curricular e o gusto e disfrute nas clases da Área correspondente.

Móstranse seguidamente o interese do alumnado enquisado polas diferentes materias curriculares:

TÁBOA 1: Ordenación dos promedios de motivación (interese) dos escolares do último ciclo de ensino primario segundo as diferentes materias curriculares.

Áreas de Currículo Escolar
1ª) Educación Física
2ª) Ciencias da Natureza
3ª) Expresión Plástica
4ª) Matemáticas
5ª) Ciencias Sociais
6ª) Inglés
7ª) Lingua Galega e Literatura
8ª) Lingua Castelá e Literatura
9ª) Música
10ª) Tecnoloxía




GRÁFICO 1.
Interese do alumnado polas materias curriculares.

Como interese do alumnado referente ás distintas áreas do Currículo escolar no ciclo descrito sobresaen a Educación Física en primeiro lugar, seguido da de Ciencias da Natureza, Expresión Plástica, Matemáticas e Ciencias Sociais. En último lugar figura a Tecnoloxía.

Descritiva do interese dos discentes polas diversas materias do Currículo Escolar do último ciclo de Ensino Primario


TÁBOA 2: Grao de interese do alumnado polas materias curriculares.

Materia Curricular	Grao de interese dos escolares				
	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Lingua Castelá e Literatura	18	48	102	252	180
Matemáticas	18	42	84	174	282
Ciencias Sociais	24	42	90	180	264
Ciencias de la Natureza	12	24	84	192	288
Tecnoloxía	66	42	123	156	213
Inglés	27	30	90	225	228
Educación Física	15	36	66	123	360
Música	36	57	132	171	204
Expresión Plástica	18	42	72	144	324
Lingua Galega e Literatura	18	36	96	246	204

Sobresae 360 escolares (60%) con moito interese pola Educación Física.

Motivación (gusto) dos escolares polas diversas materias curriculares: Promedios**TÁBOA 3: Ordenación dos promedios de motivación (gusto) do alumnado do último ciclo de ensino primario polas distintas áreas curriculares.**

Materias curriculares
1ª) Educación Física
2ª) Expresión Plástica
3ª) Ciencias da Natureza
4ª) Lingua Castelá e Literatura
5ª) Ciencias Sociais
6ª) Inglés
7ª) Música
8ª) Lingua Galega e Literatura
9ª) Matemáticas
10ª) Tecnoloxía

**GRÁFICO 2.
Gusto do alumnado polas materias curriculares.**

Como gusto dos discentes relativo ás diversas áreas do currículum destacan a Educación Física en primeiro termo, seguido da Expresión Plástica, Ciencias da Natureza e no último lugar a Tecnoloxía.

Descritiva do gusto do alumnado polas diferentes materias curriculares do último ciclo de Ensino Primario

TÁBOA 4: Grao de gusto del alumnado por las materias curriculares (en porcentaxes).

Materia Curricular	Grao de gusto dos escolares (en porcentaxes)				
	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Matemáticas	54	57	99	150	240
Ciencias Sociais	30	48	129	168	225
Ciencias da Natureza	27	36	114	159	264
Tecnoloxía	54	42	126	174	204
Inglés	54	42	90	186	228
Educación Física	18	12	42	102	426
Música	48	42	108	174	228
Expresión Plástica	21	27	60	126	366
Lingua Castelá e Literatura	21	33	111	231	204
Lingua Galega e Literatura	30	45	123	225	177

TÁBOA 5: Comparación da ordenación dos promedios de motivación (interese e gusto) do alumnado do último ciclo de Ensino Primario.

Materias Curriculares	Número de orde dos promedios		
	Interese	Gusto	Desfase
Ciencias da Natureza	2º	3º	1
Ciencias Sociais	5º	5º	--
Educación Física	1º	1º	--
Expresión Plástica	3º	2º	1
Inglés	6º	6º	--
Lingua Castelá e Literatura	8º	4º	4
Lingua Galega e Literatura	7º	8º	1
Matemáticas	4º	9º	5
Música	9º	7º	2
Tecnoloxía	10º	10º	--

Os meirandes desfases entre interese e gusto atópanse nas materias de Matemáticas (4º en interese e 9º en gusto) e Lingua Castelá e Literatura (4º en gusto e 8º en interese).

As coincidencias do posto de ordenación entre ambos aspectos danse nas materias de Educación Física (1º lugar), Ciencias Sociais (5º lugar), Inglés (en 6º) e Tecnoloxía no último posto (10º).

Análise factorial da motivación polas materias curriculares do alumnado do último ciclo de Ensino Primario

TÁBOA 6: Varianza total explicada da motivación académica do alumnado do último curso de Ensino Primario.

Compoñente	Autovalores iniciais			Suma das saturacións ó cadrado da extracción			Suma das saturacións ó cadrado da rotación		
	Total	% da varianza	% acumulado	Total	% da varianza	% acumulado	Total	% da varianza	% acumulado
1	5,771	28,856	28,856	5,771	28,856	28,856	3,509	17,543	17,543
2	2,350	11,752	40,607	2,350	11,752	40,607	2,595	12,974	30,517
3	1,480	7,398	48,005	1,480	7,398	48,005	1,904	9,521	40,038
4	1,298	6,492	54,497	1,298	6,492	54,497	1,849	9,244	49,282
5	1,237	6,184	60,681	1,237	6,184	60,681	1,688	8,442	57,724
6	1,039	5,197	65,878	1,039	5,197	65,878	1,631	8,155	65,878

Método de extracción: Análise de Compoñentes principais.

Destacan aquí o factor 1 e 2 que posúen o 17'54% e 12'97% da varianza respectivamente.

O **factor un** está integrado por oito ítems (12, 3, 20, 13, 10, 19, 4 e 1) que se corresponden coas materias de Ciencias Sociais, da Natureza e Lingua Galega e Castelá coas súas Literaturas respectivas. O **segundo factor** está constituído por catro ítems (18, 17, 9 e 8) que se relacionan coas materias de Música e Expresión Plástica. O **factor terceiro** está composto polas cuestións 11 e 2, o **cuarto** pola 6 e 15, o **quinto** pola 16 e 7 e o **sexto** pola 15 e 5.

Análise cualitativa de datos

En seis escolas da mostra se realizaron grupos de discusión para analizar estratexias de actuación orientadora e/ou titorial salientando que a motivación do alumnado para a aprendizaxe necesita que o profesorado, especialmente os titores, reflexionen sobre a súa función orientadora e posibiliten que o alumnado se centre nos procesos e estratexias de intervención educativa para a súa aprendizaxe e tamén para a adquisición de logros e resultados. Faise necesario asesorar aos escolares sobre os xeitos e estilos de pensamento e aprendizaxe que faciliten a superación das dificultades escolares existentes, obter consecuencias positi-

vas dos erros habidos e construír representacións conceptuais e procedimentais que posibiliten a percepción dos avances e progresos existentes e contribúan a manter unha elevada motivación para a aprendizaxe continuada.

Entre as estratexias pedagóxicas de carácter orientador e tutorial que axudan a promover a motivación nos escolares se enfatizaron as seguintes, no ámbito da autonomía do alumnado:

- a) Explorar os seus intereses e gustos e integralos nos programas escolares.
- b) Posibilitarlles a opción de escoller, como obxectivos ou maneira de logralos, entre diferentes alternativas de actuación curricular.
- c) Desenvolver pautas de acción que prioricen o esforzo, a mellora persoal e a aprendizaxe académica, máis que a competición cos compañeiros-as ou o logro de respostas formalmente acertadas.

No marco das competencias escolares as estratexias para desenvolver a motivación son as que se indican:

- 1ª) Formulación de obxectivos nidios para que o alumnado saiba en cada intre o que ten que facer.
- 2ª) Propoñerlles tarefas curriculares con graos de complexidade diferente para actividades escolares fáciles e difíciles.
- 3ª) Reforzar a natureza motivadora de aprendizaxe asociada a un disfrute dos saberes e dominio de contidos curriculares.
- 4ª) Fomentar nos discentes o interese, a curiosidade e o deleite coa aprendizaxe.
- 5ª) Presentarlles aos escolares a posibilidade de efectuar tarefas que lles demanden unha resposta activa.
- 6ª) Ofertar ao alumnado para a súa realización criterios persoais de éxito na aprendizaxe.

No referente as estratexias motivadoras do profesorado titor para fomentar as relacións sociais se poden citar as que seguen:

- a) Facilitarlles actividades de realización en grupo.
- b) Estimular a tódolos educandos para que efectúen a súa contribución persoal ao traballo en equipo.
- c) Presentar aos escolares información sobre as expectativas familiares relativas ao seu comportamento na escola e aos logros desexables.
- d) Mellorar a súa comunicación co alumnado destacando as súas funcións de axuda e orientación na aprendizaxe.

Na realidade da aprendizaxe escolar existen distintas modalidades de motivación como atoparon por exemplo Norwich (1999) nas áreas curriculares de Lingua e Manassero e Vázquez (2000) na materia de Matemáticas. Nestos estudos as razóns elixidas polos escolares expresaron tanto motivacións extrínsecas como extrínsecas con correlacións altas entre todas elas.

En síntese podemos salientar que a motivación académica é un recurso para posibilitar a aprendizaxe debido a que serve para fixar a realización de tarefas escolares; contribúe a que o alumnado participe en elas dun xeito activo e continuo; facilita a aprendizaxe e a adquisi-

ción de competencias e sirve para explicitar, predecir e orientar os comportamentos que expresa no escenario educativo.

Conclusiones

Como síntese do estudo realizado derívanse as conclusións principais que seguen:

- 1º) O coeficiente de fiabilidade obtido do instrumento aplicado foi de 0,84 o que revela unha elevada consistencia interna do mesmo.
- 2º) A análise factorial realizada proba a existencia de dous factores principais que posúen o 17,54% e o 12,97% de varianza respectivamente. O primeiro está constituído por oito cuestións que se corresponden coas materias de Ciencias Sociais, da Natureza e do ámbito lingüístico (Lingua Galega e Castelá e as súas respectivas Literaturas). O segundo factor está conformado por catro ítems que se conxestionan coas áreas curriculares de Música e Expresión Plástica (interese e gusto).
- 3º) As materias curriculares de Educación Física, Expresión Plástica e Ciencias da Natureza son as que máis interesan e agradan aos escolares do último ciclo de Ensino Primario.
- 4º) A área de Tecnoloxía é a que presenta un interese e gusto máis baixo no conxunto do Currículo Escolar.
- 5º) Resulta paradóxica a contraposición do interese e agrado polas Matemáticas, pois en canto ó primeiro atópanse en lugar destacado (4º), mentres que sobre ó gusto polas mesmas atópase no penúltimo posto (9º) na totalidade das materias curriculares.
- 6º) O ámbito lingüístico (Lingua Castelá, Galega e Inglés) ocupa un lugar intermedio en canto ó interese e agrado dos escolares.
- 7º) É necesario que o profesorado titor conciencie ó alumnado e o motive no sector da Música e a Tecnoloxía que ocupan postos baixos en relación có agrado e interese dos escolares por ditas materias curriculares.
- 8º) O profesorado que imparte as ensinanzas neste ciclo de Ensino Primario debe utilizar una metodoloxía e recursos didácticos que eleven a motivación dos discentes por todo o conxunto de áreas curriculares, con utilización do traballo cooperativo, estimulador e creativo mediante estratexias e técnicas psicopedagóxicas que incentiven o interese e disfrute do alumnado con elas.
- 9º) As estratexias de actuación tutorial no ámbito do desenvolvemento da motivación no Currículo Escolar deben apoiar no alumnado a súa autonomía, as competencias e as relacións sociais.

Referencias bibliográficas

- Alonso Tapia, J. (1997). *Motivar para el aprendizaje. Teoría y estrategias*. Barcelona: Edebé.
- Alonso Tapia, J. (2005). *Motivar en la escuela, motivar en la familia*. Madrid: Morata.
- Bandura, A. (1997). *Self efficacy. The exercise of control*. Nueva York. Freeman.

- Barnett, L. y otros (2003). *Motivación, tratamiento de la diversidad y rendimiento académico*. Barcelona: Grao/ Editorial Laboratorio Educativo.
- Covington, M. V. (2000). *La voluntad de aprender: guía para la motivación en el aula*. Madrid: Alianza.
- González Fernández, A. (2005). *Motivación académica. Teoría, aplicación y resultados*. Madrid: Pirámide.
- Harackiewicz, J. e outros (2000). "Short-term and long term consequences of achievement goals: predicting interest and performance over time". *Journal of Educational Psychology*, 92 (2), 316-330.
- Hidi, S. e Anderson, V. (1992). "Situational interest and its impact on reading and expository writing". En K. Renninger e outros. *The role of interest in learning and development*. Hillsdale, N. J.: Erlbaum.
- Klenowski, V. (2002). *Developing portfolios for learning and assessment*. Londres: Routledge-Falmer.
- Krapp, A. (2002). "An educational psychological theory of interest and its relation to SDT (Self Determination Theory)". En E. Deci e R. Ryan. *Handbook of self determination research*. Rochester: University of Rochester Press.
- Manassero, A. e Vázquez, A. (2000). "Análisis empírico de dos escalas de motivación escolar". *Revista Electrónica de Motivación y Emoción*, 3 (5-6). Se dispón dela en: <http://reme.uji.es> (2003).
- Mitchell, M. (1993). "Situational interest: Its multifaceted structure in the secondary school mathematics classroom". *Journal of Educational Psychology*, 85 (3), 424-436.
- Murphy, P. e Alexander, P. (2000). "A motivated exploration of motivation terminology". *Contemporary Educational Psychology*, 25, 3-53.
- Norvich, B. (1999). "Pupils reasons for learning and behaving English and maths lessons in a secondary school". *British Journal of Educational Psychology*, 69, 547-569.
- Perrenoud, P. (1999). *Dix nouvelles compétences pour enseigner*. París: ESF Editeur.
- Perrenoud, P. (2000). *Construir competencias desde la escuela*. Santiago de Chile: Dolmen Ediciones.
- Pintrich, P. (2003). "A motivational science perspective on the role of student motivation in learning and teaching contexts". *Journal of Educational Psychology*, 95 (4), 667-686.
- Rodríguez, R. y Luca de Tena, C. (2001). *Programa de motivación en la E.S.O.* Archidona (Málaga). Ediciones Aljibe.
- Renninger, K. e outros (1992). *The role of interest in learning and development*. Hillsdale, N. J.: Erlbaum.
- Schiefele, U. (1991). "Interest, learning and motivation". *Educational Psychology*, 26 (3-4), 229-332.
- Sobrado, L. (2006). *Avaliación da Calidade dos Centros Docentes. Valoración e desenvolvemento*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade.
- Viau, R. (2004). *La motivation en contexte scolaire*. Saint-Laurent (Québec): Editions du Renouveau Pédagogique.
- Wigfield, A. e Eccless, J. (2002). *Development of achievement motivation*. Nueva York: Academic Press.

Fecha de recepción: 10-06-06

Fecha de revisión: 12-07-07

Fecha de aceptación: 07-11-07